

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/13/2020	GOB14I05L
6F2R1V6R6I7129590HXT	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTETRES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:05 do vintetres de abril de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, e con motivo do Estado de Alarma declarado pola grave crise sanitaria da pandemia COVID-19 e á vista do acordo adoptado polo Pleno municipal na sesión do 26-3-2020, celébrase por videoconferencia a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2 .- APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACION DE INSTALACIONES DEPORTIVAS DO MES DE FEBREIRO DE 2020.- (..)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente ao mes de **febreiro** de 2020, das taxas pola utilización das instalacións deportivas, por importe de **8.253,48 € e 59 recibos**.

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección, os padróns serán expostos ao público durante un prazo de 15 DÍAS, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 05/05/2020 ata o 06/07/2020, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido este prazo, procederáse a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: Os recibos correspondentes a estas cobranzas que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 05/05/2020.

Sexto: Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4ª do Concello, ata o 03/07/2020, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Días de ingreso: días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

Ademais, os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, DENTRO DO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021, PARA O REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE VILACORNELLE - SINDE (O VAL).

Vista a proposta formulada que di así: O Xefe da Sección de Contratación, en data 1 de abril de 2020, en relación ao expediente CON/13/2020: "SUBVENCIÓN, DENTRO DO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021, PARA O REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE VILACORNELLE - SINDE (O VAL)", elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI13I0EB que di:

"Con data 10 de marzo de 2020 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código CON14I0G1 que di:

“Visto o informe proposta emitido polo Xefe de Sección de Contratación con data 9 de marzo de 2020 en relación coa RESOLUCIÓN, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 19 de decembro de 2019, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020; e de conformidade co artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que se establece que:

“Na antedita resolución se recolle (Anexo II) a asignación máxima a este Concello, que ascende a 37.094,00 €, distribuídos nas anualidades 2020 e 2021 por igual cantidade cada unha (18.547,00 €).

As infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural; en particular, os camiños rurais facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal, xa que facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións agrarias e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado. E, como toda infraestrutura, precisan dun mantemento e acondicionamento para poderen seguir cumprindo coas súas funcións.

Este Concello pretende incluír, dentro deste Plan, a obra “Reforzo de rodadura no camiño de Vilacornelle – Sinde (O Val)”, co fin de proceder á repavimentación (reposición da rodadura) do vial que une os lugares de Vilacornelle con Sinde, dentro da parroquia de O Val, camiño situado no centro da parroquia e de numerosas explotacións hotofrutícolas ao amparo da Cooperativa de O Val, de lonxitude 864 m., xurdido da concentración e pavimentado hai máis de doce anos con triplo rego asfáltico, con continuas intervencións de rebacheo, por canalizacións, e sobre todo por intenso tráfico de vehículos agrícolas, e sendo necesaria a súa renovación integral que o afiance no longo do tempo.

O Presuposto Base de Licitación (P.B.L.), a partir do P.E.M., incluíndo os gastos xerais (13%) e o beneficio industrial (6%) é de 40.924,55 €. Engadindo o IVE correspondente resulta un Presuposto de Execución de 49.518,71 €.

O Concello deberá contratar o servizo de control de calidade das obras executadas, que constituirá un gasto elixible, estimándose a cantidade a 810,98 €, máis 170,31 € de IVE, o que significa un total de 981,29 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que *as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia.*

A tal efecto, este funcionario elaborou o plan de financiamento adxunto de código CON14I0FD.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que *os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado na convocatoria para formular a solicitude, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO14I01P**), esta Alcaldesa

RESOLVE

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adaptado neste acordo.

SEGUNDO: Aprobar a participación do Concello de Narón no Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, segundo a resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de 19 de decembro de 2019.

TERCEIRO: Solicitar a inclusión en dito Plan da obra: “Reforzo de rodadura no camiño de Vilacornelle – Sinde (O Val)” cun orzamento de 40.924,55 €, máis 8.594,16 € de IVE, resultando un importe total de 49.518,71 €, xunto coa contía correspondente ao servizo de control de calidade da obra cun orzamento de 810,98 €, máis 170,31 € de IVE, o que significa un total de 981,29 €.

CUARTO: Solicitar, ao abeiro do Anexo II de dito Plan, a solicitude de subvención de 37.094,00 € á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

QUINTO: Aprobar o o seguinte cadro de financiamento provisional do proxecto de “Reforzo de rodadura no camiño de Vilacornelle – Sinde (O Val)”, que aquí se amosa resumido, de acordo co establecido no informe adxunto de código CON14I0FD:

Proxecto	Reforzo de rodadura no camiño de Vilacornelle – Sinde (O Val)	
Importe total	50.500,00 €	
Importe solicitado	37.094,00 €	
Achega municipal 2020	31.953,00 €	
Aplicación orzamentaria	1532 61900	5.240,91 €
	1630 22700	26.091,20 €
	1510 22706	620,89 €

SEXTO: Facultar á Alcaldesa-Presidenta, Marián Ferreiro Díaz, á representación deste Concello en cantos trámites sexan necesarios coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en relación con este procedemento.”

En cumprimento do establecido punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO14I02H**, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

ACORDO.- A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

4 .- DAR CONTA DA RELACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO SOBRE AS SOLICITUDES DE LICENZAS DE OBRAS, NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2020.- Vista a proposta formulada que di así: **DAR CONTA DA RELACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO SOBRE AS SOLICITUDES DE LICENZAS DE OBRAS, NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2020**

XANEIRO 2020

EXP.	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
57/2019	IBERDROLA CLIENTES SAU	Instalación punto de recarga de vehículos eléctricos	Estación de servizo Valcarce – Polígono Río do Pozo

FEBREIRO 2020

EXP.	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
3/2019	JAC***O ***AO FER*****Z	Construción de vivenda unifamiliar	Lg. da Pedra - Pedroso
78/2019	JE***CA HE****A *****TOSO	Construción de vivenda unifamiliar	Lg. da Picota nº 38



80/2019	CR****INA HE****A	E****TOSO	Construción de vivenda unifamiliar	Avda. Souto Vizoso nº 229
---------	----------------------	-----------	---------------------------------------	------------------------------

MARZO 2020

EXP.	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
51/2019	DA**D S****Z	R^*****UEZ Construción de edificación auxiliar destinada a garaxe e trasteiro	Lg. Canteiros nº 13 – O Val

ACORDO.- A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI